



**Expediente M5/2020 de concesión de suplementos de crédito, baixas por anulación de crédito, transferencias de crédito e modificación dos anexos de subvencións nominativas e de investimentos do Orzamento 2020**



**Expediente M5/2020 de concesión de suplementos de crédito, baixas por anulación de crédito, transferencias de crédito e modificación dos anexos de subvencións nominativas e de investimentos do Orzamento 2020**

## MEMORIA DA ALCALDÍA

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local o presente expediente, que ten por finalidade a realización de gastos específicos e determinados cuxa efectividade non se considera posible demorar ata o próximo exercicio, sendo inexistente ou insuficiente o crédito orzamentario no presente exercicio. É competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de modificación orzamentaria en virtude do sinalado no artigo 127.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación co artigo 179 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e a Base de Execución número 7 das do Orzamento do Concello. Será sometido á aprobación do pleno da corporación.

Na actualidade, a Lei reguladora de bases de réxime local, o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL); e o Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da LRFL, establecen a normativa á que se deberán axustar as corporacións locais nos expedientes de modificación de créditos.

II.- Neste expediente tramítanse suplementos de crédito financiados con baixas por anulación de crédito.

De acordo coas normas apuntadas, os suplementos de crédito son modificacións do orzamento de gastos, mediante os que se incrementa crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que o crédito existente é insuficiente. O seu financiamento pode realizarse con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, ou mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras aplicacións, non comprometidos e cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

Esta última (baixas de crédito) é a fonte de financiamento empregada para os suplementos propostos.

**II.1.** Dun lado, desde a Área de Deportes propónse complementar crédito por importe de 51.000,00 € para o pagamento dos seguintes convenios nominativos do ano 2019:

- a) Convenio co Club Ximnasia Rítmica Santiago Apóstol, para o fomento da ximnasia rítmica, por importe de 6.000,00€.
- b) Convenio de colaboración coa Universidade da Coruña para o fomento do deporte, a través da cesión de instalacións, por importe de 45.000,00€.

**II.2.** Por outro lado, a Área de Emprego e Empresa propón un suplemento de crédito para o pago do importe pendente de varios convenios nominativos, subscritos no ano 2019, ascendendo o total da insuficiencia de crédito a 29.287,98 €, co seguinte detalle específico:

- a) Convenio coa Fundación JuanSoñador para itinerarios personalizados de preparación para a inserción laboral, cun importe de 3.920,19 €.
- b) Convenio coa Asociación Ecos do Sur para obradoiros de motivación na procura de emprego con ferramentas innovadoras, por importe de 3.999,98 €.
- c) Convenio coa Asociación Síndrome de Down da Coruña para o programa de impulso da empregabilidade de persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, cun importe de 4.589,21 €.
- d) Convenio coa Fundación Mulleres para itinerarios de inserción laboral e accións de formación para mulleres, cun importe de 4.000,00 €.
- e) Convenio coa Confederación de Empresarios da Coruña para desenvolvemento do plan integral de emprego dirixido a mozos e mozas, cun importe de 6.000,00 €.
- f) Convenio coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade para executar o plan integral de intermediación laboral para favorecer a inserción laboral, cun importe de 6.778,60 €.

O financiamento prodúcese con baixas en gastos correntes, debidamente relacionadas no expediente, sen afectar ao funcionamento e á calidade ordinaria dos servizos.

**II.3.** A Área de Seguridade Cidadá propón complementar aplicacións para a reparación de vehículos a motor do parque móbil da Policía Local, así como para a protección das persoas fronte as consecuencias da pandemia da Covid-19. Estas partidas, por importe de 37.432,13 €, financiaranse con outros recursos da propia área, que non afectan ao seu funcionamento regular.



**II.4.** A Área de Mobilidade promove tres suplementos: un para afrontar gastos derivados das prestacións do contrato de conservación, mantemento e reparación das instalacións da rede semafórica e apoio á xestión e explotación da sala de control de tráfico; outro para gastos de subministración de carburante aos vehículos do parque móbil. E, finalmente, un terceiro para gastos en notificacións de procedementos sancionadores en materia de tráfico.

Estas partidas, que no seu conxunto ascenden á contía de 115.000€, fináncianse con recursos da propia área, sen que diminúa o seu adecuado funcionamento ordinario.

**III.-** En canto ás transferencias de crédito, indicar que son aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que, sen alterar a contía total do orzamento, se imputa o importe total ou parcial dun crédito a outras aplicacións orzamentarias con diferente vinculación xurídica.

Neste sentido, ademais do sinalado no apartado seguinte, a Área de Medio Ambiente, propón, debidamente explicada, unha transferencia negativa por importe de -13.043,80 €, na aplicación de limpeza viaria, que se destinarán a financiar a transferencia positiva cuxa finalidade específica é a adquisición de contedores de aceite.

**IV-** Proponse tamén modificar a Base 7ª B) das de Execución do Orzamento para incluír entre as aplicacións orzamentarias ampliables as do Servizo de Extinción de Incendios coa cantidade definitivamente recoñecida no subconcepto de ingresos 35100 (contribucións especiais para establecemento ou ampliación do servizo), ao recibirse un importe superior ao inicialmente previsto de 70.934,54€.

Desde o servizo municipal, coa fin de afrontar a porcentaxe de financiamento que corresponde ao Concello (10% do custo total), proponse unha transferencia positiva por importe de 7.881,62 €, para financiar a parte da achega municipal ao proxecto, ao estar constituída a base impoñible das contribucións especiais como máximo polo 90% do custo que o Concello soporte pola realización das obras ou polo establecemento ou a ampliación dos servizos. Destinaranse ao proxecto "*Sistema de mantemento, lavado e secado dos traxes de intervención*".

A transferencia municipal prodúcese con cargo a unha transferencia negativa en gastos correntes doutros traballos realizados por empresas, coas correspondentes motivacións.

**V.-** Por iso, procede aprobar o proxecto de expediente de modificación do Orzamento de 2020 (M5/2020) para a súa posterior aprobación polo pleno municipal.

O expediente resúmese a continuación:

### INCREMENTOS NO ESTADO DE GASTOS

I	SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	232.720,11
II	TRANSFERENCIAS POSITIVAS	20.925,42
	<b>TOTAL INCREMENTOS ESTADO GASTOS</b>	<b>253.645,53</b>

### MINORACIÓNS NO ESTADO DE GASTOS

I	BAIXAS POR ANULACIÓN	-232.720,11
II	TRANSFERENCIAS NEGATIVAS	-20.925,42
	<b>TOTAL MINORACIÓNS ESTADO GASTOS</b>	<b>-253.645,53</b>

**VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE GASTOS** 0,00

**VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE INGRESOS** 0,00

### DISTRIBUCION NETA DAS MODIFICACIÓNS POR CAPITULOS DE GASTO

CAPÍTULO		IMPORTE
I	Gastos de persoal	0,00
II	Gastos correntes en bens e servizos	51.218,73
III	Gastos financeiros	0,00
IV	Transferencias correntes	80.287,98
V	Fondo de Continxencia e outros	0,00
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>131.506,71</b>
CAPÍTULO		IMPORTE
VI	Investimentos reais	-131.506,71
VII	Transferencias de capital	0,00
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	0,00
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>-131.506,71</b>
<b>TOTAL</b>		<b>0,00</b>



## DISTRIBUCIÓN NETA DAS MODIFICACIÓNS POR CAPÍTULOS DE INGRESO

CAPÍTULO		IMPORTE
I	Impostos directos	0,00
II	Impostos indirectos	0,00
III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	0,00
IV	Transferencias correntes	0,00
V	Ingresos patrimoniais	0,00
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>0,00</b>
CAPÍTULO		IMPORTE
VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
VII	Transferencias de capital	0,00
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	0,00
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>0,00</b>
<b>TOTAL</b>		<b>0,00</b>

Trámítese o expediente con suxeición ao procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, 6 de novembro de 2020

A alcaldesa,

Inés Rey García





## EXPEDIENTE M5/2020 DE CONCESIÓN DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO, BAIXAS DE CRÉDITO, TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO, MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS, INVERSIONES E BASES DE EJECUCION, DENTRO DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2020.

Remítase para informe desta Intervención Xeral, o expediente M5/2020 de suplementos de crédito, baixas de crédito, transferencias de crédito, dos anexos de subvenciones nominativas e inversiones e das bases de ejecución, nos termos expostos na memoria da Alcaldía e informe-proposta da Oficina Orzamentaria que se achega.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LRBRL), o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, en materia orzamentaria, así como as Bases de Execución do Orzamento para 2020, aprobadas pola Corporación xunto co mesmo, constitúen o réxime legal a que ha de someterse a Corporación para tramitar a modificación de créditos orzamentarios.

En concreto, a Sección 2ª do Capítulo I do Título VI do TRLRFL, titulada "Dos créditos e as súas modificacións", artigo 172 e seguintes, e o seu desenvolvemento no R.D. 500/1990, regulan os expedientes de modificación de créditos, establecendo as normas que disciplinan os casos en que procede a súa tramitación, procedemento e formas de financiamento dos incrementos. No número 2 do artigo 177 e no 37.3 do R.D. 500/1990, esíxese o informe previo do Interventor respecto dos devanditos expedientes. Así mesmo a Base 7ª, apartado F) 2º das aprobadas para a execución do Orzamento de 2020, establece o carácter preceptivo pero non vinculante do informe do Interventor nas resolucións que modifiquen créditos orzamentarios.

En cumprimento do preceptuado, o Interventor Xeral que subscribe emite o seguinte

### INFORME:

#### I.- Antecedentes.

O expediente que agora se somete á Corporación supón a concesión de oito suplementos de crédito por importe de 232.720,11 €, cinco baixa de crédito por anulación polo mesmo importe que financia o anterior suplemento, dous transferencias de crédito negativa por importe de - 20.295,42 € e dous transferencias positivas polo mesmo importe que se financian coas negativas. O anterior implica a modificación do anexo de investimentos e de subvencións nominativas.

O expediente aparece nivelado, dado que o importe dos suplementos de crédito e transferencias positivas de crédito equivale aos recursos que se arbitran para o seu financiamento.

#### I.- ALTAS.

Transferencias de crédito positivas	20.925,42 €
Suplementos de crédito	232.720,11 €
<b>Total altas de créditos</b>	<b>253.645,53 €</b>

## II.- FINANCIAMIENTO DOS INCREMENTOS DE GASTO.

Transferencia de crédito negativa	20.925,42 €
Baixa de crédito por anulación	232.720,11 €
<b>Total financiamento</b>	<b>253.645,53 €</b>

Polo tanto, o expediente aparece nivelado e equilibrado en termos orzamentarios, dándose cumprimento ao disposto no artigo 16.2 do Real Decreto 500/1990.

En relación aos suplementos de crédito dáse tamén cumprimento ao disposto no artigo 177.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que di en relación co financiamento das modificacións dos créditos citados o seguinte:

*"O expediente deberá especificar a concreta partida orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que ha de financiar o aumento que se propón. O devandito aumento financiarase con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos e maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, e mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, cuxas dotacións se estimen reducíbeis sen perturbación do respectivo servizo."*

Así mesmo, en relación ás transferencias de crédito comprobouse o cumprimento dos límites esixidos polo artigo 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Por último, tamén propónse a modificación da Base 7ª B) das de execución do Orzamento 2020 para incluír como ampliables as aplicación do Servizo de Extinción de Incendios coas cantidades que definitivamente se recoñeza no subconcepto de ingresos de ingresos 35100 de contribucións especiais para o establecemento ou ampliación do servizo. Non encontramos reparo algún nesta inclusión como aplicación orzamentaria ampliable, toda vez que ademais a modificación de crédito por xeneración estaría prohibida pola Lei de Facendas Locais ó ser un ingreso de carácter tributario (artigo 181.1 da Lei de Facendas Locais).

### II.- Exame do expediente

Tres dos oito suplementos de crédito, por un lado, teñen por obxecto recuperar o crédito de dous subvencións nominativas do 2019 que non foron abonados no exercicio anterior por importe total de 51 miles de €. E polo outro teñen por obxecto ampliar o crédito de 6 subvencións nominativas por importe total de 29.287,98 €. O que supón a modificación do anexo de subvencións nominativas. Os restantes 5 suplementos de crédito por importe de 152.432,13 € responden a diferentes necesidades da Área de Seguridade Cidadá e da Área de Mobilidade e Accesibilidade, tales como, entre outros, reparacións de vehículos e motos do parque mobil da Policía Local (15.000,00 €), gastos de correos para a tramitación de multas (30.000,00 €), para a revisión dos presos do contrato de conservación, mantemento e reparación das instalacións das redes semaforicas por importe de 60.000,00 €, ou 25.000,00 € para o abono de facturas de subministración de carburante de exercicios anteriores que se deben imputar ó orzamento en vigor.





As dúas transferencias positivas por importe total de 20.925,42 € o son para financiar a parte municipal do proxecto financiado nun 90 % por contribucións especiais de sistemas mantemento lavado e secado traxes de intervención do SEIS por importe de 7.881,62 e para a ampliación da dotación de colectores de aceite por importe de 13.043,80 €.

Como xa temos dito en outros expedientes, a corrección do presente expediente en termos de normativa orzamentaria non predetermina a nosa fiscalización no momento da tramitación do expediente de gasto que se impute o crédito que agora se habilita.

Dende a perspectiva de estabilidade orzamentaria e demais regras fiscais de gasto están suspendidas segundo acordo do Congreso de los Diputados de 20 de outubro de 2020, polo que xa no resulta procedente verificación ningunha.

### **III.- Aprobación do expediente pola Corporación.**

Segundo o artigo 177 do TRLRFL, a aprobación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios, suplementos e baixas por anulación, corresponden ao Pleno da Corporación, seguindo os mesmos trámites establecidos para a aprobación do Orzamento; isto é, aprobación inicial, exposición ao público por prazo de quince días, entendéndose definitivamente aprobado se non se presentasen reclamacións nen alegacións no citado prazo, ou no caso de que si se presentasen deberá adoptar o Pleno acordo expreso de aprobación definitiva resolvendo as citadas reclamacións no prazo máximo dun mes, publicándose por capítulos no BOP, data a partir da cal entrará en vigor. Por conseguinte, poderá ser aprobado por maioría simple dos membros da Corporación presentes na sesión (artigo 47 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local).

Non obstante, a tenor do establecido na Lei 57/2003, de Modernización do Goberno Local, artigo 127.1.b), corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Orzamento e enténdese, en consecuencia coa lexislación citada, que así mesmo corresponde ao devandito Órgano a aprobación do proxecto do expediente que agora se tramita.

A Coruña, a data da sinatura electrónica.

**O INTERVENTOR XERAL.**



## LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DECRETO DA ALCALDIA

De conformidade co art. 191.2 do RDL 2/2004 Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e preceptos que a desenrolan, corresponde á Alcaldía a aprobación da liquidación do orzamento e resolver sobre a incorporación dos remanentes de crédito procedentes do exercicio 2019 ao actual de 2020.

Visto o informe de data 10 de marzo de 2020 da Tesourería Xeral, centro directivo da contabilidade, de conformidade co art. 137 do ROM,

### RESOLVO

1.- Aprobar o Estado de Liquidación do Orzamento co seguinte:

### RESUMO

#### 1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRENTE.

ESTADO DE GASTOS	CREDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	DIFERENCIA	PAGOS LIQUIDOS	OBRIGAS PENDENTES DE PAGO
GASTOS DE PERSOAL	68.526.195,17	66.017.186,12	2.509.009,05	65.868.892,04	148.294,08
GASTOS BS E SERV. CORRENTES	119.584.813,13	107.156.447,06	12.428.366,07	105.942.691,03	1.213.756,03
GASTOS FINANCIEROS	368.103,42	228.882,57	139.220,85	228.882,57	0,00
TRANSFERENC. CORRENTES	32.552.707,12	31.403.467,08	1.149.240,04	30.834.901,29	568.565,79
FONDO DE CONTINXENCIA	20.000,00	0,00	20.000,00	0,00	0,00
<b>TOTAL OPERAC. CORRENTES</b>	<b>221.051.818,84</b>	<b>204.805.982,83</b>	<b>16.245.836,01</b>	<b>202.875.366,93</b>	<b>1.930.615,90</b>
INVERSIÓNS REAIS	44.244.220,93	9.730.392,43	34.513.828,50	9.691.787,35	38.605,08
TRANSFERENC. DE CAPITAL	13.262.659,24	1.588.663,32	11.673.995,92	1.530.847,20	57.816,12
ACTIVOS FINANCIEROS	295.887,03	291.619,25	4.267,78	291.619,25	0,00
PASIVOS FINANCIEROS	12.745.114,01	12.629.662,30	115.451,71	12.629.662,30	0,00
<b>TOTAL OPERAC. CAPITAL</b>	<b>70.547.881,21</b>	<b>24.240.337,30</b>	<b>46.307.543,91</b>	<b>24.143.916,10</b>	<b>96.421,20</b>
<b>TOTAL CAPITULOS</b>	<b>291.599.700,05</b>	<b>229.046.320,13</b>	<b>62.553.379,92</b>	<b>227.019.283,03</b>	<b>2.027.037,10</b>



ESTADO DE INGRESOS	PREVISIONS DEFINITIVAS	DEREITOS LIQUIDADOS NETOS	DIFERENCIA	RECADACION NETA	DEREITOS PENDENTES DE COBRO
IMPOSTOS DIRECTOS	100.175.234,47	96.571.688,05	3.603.546,42	89.147.054,07	7.424.633,98
IMPOSTOS INDIRECTOS	8.244.835,21	9.527.774,11	-1.282.938,90	9.176.035,35	351.738,76
TAXAS E OUTROS INGRESOS	49.841.328,68	47.086.450,18	2.754.878,50	42.955.769,70	4.130.680,48
TRANSFERENC. CORRENTES	73.624.681,72	72.812.044,53	812.637,19	66.868.673,71	5.943.370,82
INGRESOS PATRIMONIAIS	8.273.729,65	4.351.541,59	3.922.188,06	3177430,26	1.174.111,33
<b>TOTAL OPERAC. CORRENTES</b>	<b>240.159.809,73</b>	<b>230.349.498,46</b>	<b>9.810.311,27</b>	<b>211.324.963,09</b>	<b>19.024.535,37</b>
INVERSIONS REAIS	3,00	48.023,32	-48.020,32	48.023,32	0,00
TRANSFERENC. DE CAPITAL	21.981.933,69	2.601.970,81	19.379.962,88	2.601.970,81	0,00
ACTIVOS FINANCIEROS	30.582.842,90	311.295,07	30.271.547,83	311.295,07	0,00
PASIVOS FINANCIEROS	24.223.793,40	7.610.046,63	16.613.746,77	7.610.046,63	0,00
<b>TOTAL OPERAC. CAPITAL</b>	<b>76.788.572,99</b>	<b>10.571.335,83</b>	<b>66.217.237,16</b>	<b>10.571.335,83</b>	<b>0,00</b>
<b>TOTAL CAPITULOS</b>	<b>316.948.382,72</b>	<b>240.920.834,29</b>	<b>76.027.548,43</b>	<b>221.896.298,92</b>	<b>19.024.535,37</b>

## 2. LIQUIDACIÓN DE ORZAMENTOS PECHADOS.

ESTADO DE INGRESOS DEREITOS RECOÑECIDOS A 1 DE XANEIRO	MODIF. SALDO INICIAL	DEREITOS CANCELADOS ANULADOS	COBROS	DEREITOS PENDENTES DE COBRO
92.342.405,16	-214.774,74	8.323.866,93	19.381.838,73	64.421.924,76

ESTADOS DE GASTOS OBRIGAS RECOÑECIDAS A 1 DE XANEIRO	MODIF. SALDO INICIAL	PRESCRIPCION	PAGOS	OBRIGAS PENDENTES DE PAGO
9.032.184,49	0,00	0,00	8.645.122,56	387.061,93

## 3. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO.

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a) operacions correntes	230.349.498,46	204.805.982,83		25.543.515,63
b) operacions de capital	2.649.994,13	11.319.055,75		-8.669.061,62
<b>1. Total ops. Non financeiras (a+b)</b>	<b>232.999.492,59</b>	<b>216.125.038,58</b>		<b>16.874.454,01</b>
c) activos financeiros	311.295,07	291.619,25		19.675,82
d) pasivos financeiros	7.610.046,63	12.629.662,30		-5.019.615,67
<b>2. Total ops. Financeiras (c+d)</b>	<b>7.921.341,70</b>	<b>12.921.281,55</b>		<b>-4.999.939,85</b>
<b>I RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2)</b>	<b>240.920.834,29</b>	<b>229.046.320,13</b>		<b>11.874.514,16</b>
<b>AXUSTES</b>				
3.- Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			12.532.082,15	
4.- Desviacións de financiamento negativas do exercicio			9.213.268,14	
5.- Desviacións de financiamento positivas do exercicio			12.291.771,01	
<b>II TOTAL AXUSTES (II= 3 + 4 - 5 )</b>			<b>9.453.579,28</b>	
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)</b>				<b>21.328.093,44</b>



#### 4. REMANENTES DE CRÉDITO.

CAPITULOS	REMANENTE NON COMPROMETIDO			REMANENTE COMPROMETIDO	TOTAL
	DISPONIBLE	RETIDO	AUTORIZADO		
CAPITULO 1	2.506.920,43	0,00	0,00	2.088,62	2.509.009,05
CAPITULO 2	7.846.798,59	648.592,92	897.119,30	3.035.855,26	12.428.366,07
CAPITULO 3	139.220,85	0,00	0,00	0,00	139.220,85
CAPITULO 4	715.624,00	159.931,26	2.315,00	271.369,78	1.149.240,04
CAPITULO 5	20.000,00	0,00	0,00	0,00	20.000,00
CAPITULO 6	26.910.716,51	57.149,04	4.525.998,58	3.019.964,37	34.513.828,50
CAPITULO 7	5.646.207,34	339.830,46	0,00	5.687.958,12	11.673.995,92
CAPITULO 8	4.267,78	0,00	0,00	0,00	4.267,78
CAPITULO 9	115.451,71	0,00	0,00	0,00	115.451,71
<b>TOTAIS</b>	<b>43.905.207,21</b>	<b>1.205.503,68</b>	<b>5.425.432,88</b>	<b>12.017.236,15</b>	<b>62.553.379,92</b>

#### 5. REMANENTE DE TESOURERÍA.

Está integrado pola diferenza entre a suma dos dereitos pendentes de cobro máis os fondos líquidos e as obrigas pendentes de pagamento, todos eles referidos a 31 de decembro de 2019. Regúlase no art. 191 do R.D. Lex. 2/2004, de 5 de marzo, art. 101 do R.D. 500/90 e na Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade.

	IMPORTES DO EXERCICIO	
<b>1. (+) Fondos Líquidos</b>		<b>33.771.615,49</b>
<b>2. (+) Dereitos pendentes de cobro</b>		<b>85.168.122,78</b>
+ Orzamento Corrente	19.024.535,37	
+ Orzamentos Pechados	64.421.924,76	
+ Outras Operacións non Orzamentarias	1.721.662,65	
<b>3. (-) Obrigas pendentes de pagamento</b>		<b>15.380.535,83</b>
+ Orzamento Corrente	2.027.037,10	
+ Orzamentos Pechados	387.061,93	
+ Outras Operacións non Orzamentarias	12.966.436,80	
<b>4. (+) Partidas pendentes de aplicación</b>		<b>-186.364,97</b>
- Cobros pendentes de aplicación definitiva	-1.019.784,98	
+ Pagamentos pendentes de aplicación definitiva	833.420,01	
<b>I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1+2-3+4)</b>		<b>103.372.837,47</b>
II. Saldos de dubidoso cobro		68.314.532,78
III. Exceso de financiación afectada		20.476.617,76
<b>IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)</b>		<b>14.581.686,93</b>

2.- O Remanente líquido dispoñible para gastos xerais incorporárase como recurso dispoñible para incorporación de remanentes de crédito, no seu caso, procedentes do exercicio 2019 ou para novos gastos ao orzamento de 2020, na forma regulamentaria.

4.- Darase conta ao Pleno e remitírase copia á Administración do Estado e á Xunta de Galicia segundo o disposto no art. 193.5 do RDL 2/2004 Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

A Coruña, na data de sinatura electrónica deste documento.

A ALCALDESA

## AYTO.CORUÑA

Fecha Obtención: 30/11/2020

11:34:59

PRESUPUESTO DE INGRESOS

2020

ESTADO DE EJECUCIÓN DESDE

1/1/2020

HASTA

26/11/2020

Pág.

1

Clasificación CAPÍTULO	DENOMINACIÓN DE LOS CAPÍTULOS	Previsiones Iniciales	Modificaciones	Previsiones Definitivas	Derechos Netos	Ingresos Realizados	Devoluciones de Ingresos	Recaudación Líquida	Pendiente de Cobro	Estado de Ejecución
1	Impuestos directos.	104.908.641,14		104.908.641,14	93.891.836,28	55.383.047,19	933.584,80	54.449.462,39	39.442.373,89	-11.016.804,86
2	Impuestos indirectos.	9.715.748,46		9.715.748,46	7.117.857,68	7.175.048,60	126.683,20	7.048.365,40	69.492,28	-2.597.890,78
3	Tasas, precios públicos y otros ingresos.	51.927.983,11	13.648,80	51.941.631,91	29.712.940,53	19.902.464,43	240.156,90	19.662.307,53	10.050.633,00	-22.228.691,38
4	Transferencia corrientes.	73.106.855,14	1.505.074,49	74.611.929,63	56.146.975,12	57.011.501,39	864.526,27	56.146.975,12		-18.464.954,51
5	Ingresos patrimoniales.	10.765.959,07		10.765.959,07	4.219.832,74	3.212.970,98		3.212.970,98	1.006.861,76	-6.546.126,33
6	Enajenación de inversiones reales.	4,00		4,00	27.087,43	1.427.087,43	1.400.000,00	27.087,43		27.083,43
7	Transferencias de capital.	2.624.806,08	11.943.651,16	14.568.457,24	1.468.938,18	1.545.496,08	76.557,90	1.468.938,18		-13.099.519,06
8	Activos financieros.	2,00	34.652.994,89	34.652.996,89	250.358,62	250.358,62		250.358,62		-34.402.638,27
9	Pasivos financieros.	6.950.001,00	10.851.233,48	17.801.234,48	7.641.523,93	7.695.514,63		7.641.523,93		-10.159.710,55
	Suma Total Ingresos.	260.000.000,00	58.966.602,82	318.966.602,82	200.477.350,51	153.603.489,35	3.695.499,77	149.907.989,58	50.569.360,93	-118.489.252,31

## PRESUPUESTO DE GASTOS

2020

Clasificación CAPÍTULO	DENOMINACIÓN DE LOS CAPÍTULOS	Créditos Iniciales	Modificaciones	Créditos Totales	Obligaciones Reconocidas	Pagos Realizados	Reintegros de Gastos	Pagos Líquidos	Pendiente de Pago	Estado de Ejecución
1	GASTOS DE PERSONAL.	68.676.168,67	1.868.264,88	70.544.433,55	56.916.283,36	56.992.358,67	76.075,31	56.916.283,36		13.628.150,19
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS.	125.333.244,01	564.285,84	125.897.529,85	85.601.882,88	84.107.205,21	46.186,60	84.061.018,61	1.540.864,27	40.295.646,97
3	GASTOS FINANCIEROS.	292.843,76		292.843,76	59.774,54	59.774,54		59.774,54		233.069,22
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES.	30.788.699,51	5.410.539,66	36.199.239,17	23.391.607,00	23.280.398,09		23.280.398,09	111.208,91	12.807.632,17
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	20.000,00	-20.000,00							
6	INVERSIONES REALES.	24.369.823,01	40.446.842,34	64.816.665,35	17.795.575,23	17.607.927,29		17.607.927,29	187.647,94	47.021.090,12
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.	3.529.728,59	10.482.187,50	14.011.916,09	1.359.732,49	1.269.892,00		1.269.892,00	89.840,49	12.652.183,60
8	ACTIVOS FINANCIEROS.	30.001,00	214.482,60	244.483,60	231.872,67	230.930,62		230.930,62	942,05	12.610,93
9	PASIVOS FINANCIEROS.	6.959.491,45		6.959.491,45	4.813.847,70	4.813.847,70		4.813.847,70		2.145.643,75
	Suma Total Gastos.	260.000.000,00	58.966.602,82	318.966.602,82	190.170.575,87	188.362.334,12	122.261,91	188.240.072,21	1.930.503,66	128.796.026,95

	Diferencia. ...				10.306.774,64	-34.758.844,77	3.573.237,86	-38.332.082,63	48.638.857,27	10.306.774,64
--	-----------------	--	--	--	---------------	----------------	--------------	----------------	---------------	---------------





Secretaría Xeral  
Dpto. de Actividade Corporativa  
A-6

**Manuel José Díaz Sánchez**, secretario xeral do Pleno do excelentísimo Concello da Coruña,

**Asunto.** Aprobación do proxecto de expediente M5/2020, de concesión de suplementos de crédito, baixas por anulación de crédito, transferencias de crédito e modificación dos anexos de subvencións nominativas e de investimentos do Orzamento 2020.

**CERTIFICO:** Que o Excmo. Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 3 de decembro de 2020, adoptou os seguintes acordos, co voto a favor dos Grupos Municipais do Partido Socialista (9 votos), Partido Popular (9 votos) e da concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema, e a abstención dos Grupos Municipais da Marea Atlántica (5 abstencións), Bloque Nacionalista Galego (2 abstencións) e da concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo (1 abstención):

1. Aprobar o expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2020 (M5/2020), mediante concesión de oito suplementos de crédito por importe de douscentos trinta e dous mil setecentos vinte euros con once céntimos (232.720,11€), cinco baixas por anulación por importe de douscentos trinta e dous mil setecentos vinte euros con once céntimos (-232.720,11€), dúas transferencias de crédito negativas por importe de vinte mil novecentos vinte e cinco euros con corenta e dous céntimos (-20.925,42€) e dúas transferencias de crédito positivas por importe de vinte mil novecentos vinte e cinco euros con corenta e dous céntimos (20.925,42€).

*Manuel José Díaz Sánchez*, secretario general del Pleno del excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña,

*Asunto.* Aprobación del proyecto de expediente M5/2020, de concesión de suplementos de crédito, bajas por anulación de crédito, transferencias de crédito y modificación de los anexos de subvenciones nominativas y de inversiones del Presupuesto 2020.

**CERTIFICO:** Que el Excmo. Ayuntamiento Pleno en sesión ordinaria celebrada el día 3 de diciembre de 2020, adoptó los siguientes acuerdos, con el voto a favor de Grupos Municipales del Partido Socialista (9 votos), Partido Popular (9 votos) y de la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema, y la abstención de los Grupos Municipales de la Marea Atlántica (5 abstenciones), Bloque Nacionalista Galego (2 abstenciones) y de la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo (1 abstención):

1. Aprobar el expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2020 (M5/2020), mediante concesión de ocho suplementos de crédito por importe de doscientos treinta y dos mil setecientos veinte euros con once céntimos (232.720,11€), cinco bajas por anulación por importe de doscientos treinta y dos mil setecientos veinte euros con once céntimos (-232.720,11€), dos transferencias de crédito negativas por importe de veinte mil novecentos veinticinco euros con cuarenta y dos céntimos (-20.925,42€) y dos transferencias de crédito positivas por importe de veinte mil novecentos veinticinco euros con cuarenta y dos



Secretaría Xeral  
Dpto. de Actividade Corporativa  
A-6

Todo iso reflectido na listaxe denominada “Expediente M5/2020” que se incorpora ao expediente.

2. Aprobar a distribución do financiamento procedente de cinco baixas por anulación por importe de douscentos trinta e dous mil setecentos vinte euros con once céntimos (-232.720,11€) e dúas transferencias de crédito negativas por importe de vinte mil novecentos vinte e cinco euros con corenta e dous céntimos (-20.925,42€). Todo iso reflectido no listado “Expediente M5/2020. Financiamento”.

3. Aprobar a modificación do Anexo de Inversións do Orzamento de 2020, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios que se realizan neste expediente, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M5/2020. Modificacións do Anexo de Inversións”.

4. Aprobar a de modificación Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2020, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M5/2020. Modificacións do Anexo de Subvencións nominativas”.

5. Aprobar a modificación da Base 7ª B) das de Execución de orzamento de 2020, para incluír entre as aplicacións orzamentarias ampliables a do Servizo de Extinción de Incendios coa cantidade definitivamente reconecida no subconcepto de ingresos 35100 Contribucións especiais para

*céntimos (20.925,42€). Todo ello reflejado en el listado denominado “Expediente M5/2020” que se incorpora al expediente.*

*2. Aprobar la distribución de la financiación procedente de cinco bajas por anulación por importe de doscientos treinta y dos mil setecientos veinte euros con once céntimos (- 232.720,11€) y dos transferencias de crédito negativas por importe de veinte mil novecientos veinticinco euros con cuarenta y dos céntimos (- 20.925,42€). Todo ello reflejado en el listado “Expediente M5/2020. Financiación”.*

*3. Aprobar la de modificación del Anexo de Inversiones del Presupuesto de 2020, incorporando las alteraciones que resultan de la modificación de créditos presupuestarios que se realizan en este expediente, detalladas en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M5/2020. Modificaciones del Anexo de Inversiones”.*

